

Resolución da Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, pola que se fai público o día e a hora de realización da proba de coñecemento de lingua galega, no procedemento selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas prazas de persoal laboral referenciadas no anexo do Decreto 79/2022, de 25 de maio, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria das prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado 1.4.2.II das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante resolución do 28 de decembro de 2023 (e modificadas mediante resolución do día 6 de febreiro de 2023), vista a proposta do Tribunal de valoración, a Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia,

RESOLVE:

Primeiro.- Facer público, a través do portal web corporativo, do día e hora de realización da proba de coñecemento de lingua galega, que terá lugar o día 15 de maio de 2023, ás 10:00 horas, na sala de Xuntas do Edificio CINC (2º Andar: sito na sede da AMTEGA), da Cidade da Cultura de Galicia (Monte Gaiás, Santiago de Compostela).

Segundo.- Facer público, a través do portal web corporativo, do seguinte criterio decidido polo tribunal de valoración para a superación da proba de coñecemento de lingua galega:

Para a cualificación do exercicio como apto, a persoa aspirante **deberá acadar o 40% do total da puntuación máxima prevista para a proba tipo test, considerando o que di as bases:**

“A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas, das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega”.

“Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta”.

**Na Cidade da Cultura de Galicia, na data da sinatura dixital
A directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Ana Isabel Vázquez Reboredo**